

PLAN DE ACTUACIÓN 2017

ENTIDADE:FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

CIF: G15140023

Nº DE REXISTRO: 1988/1

EXERCICIO: 2017

DATOS DA ENTIDADE:

Domicilio:RÚA HÓRREO 61

Localidade:SANTIAGO DE COMPOSTELA

Código postal:15701

Provincia:A CORUÑA

Correo electrónico: SANTIAGO@FUNDACIONGALICIAEUROPA.EU

Teléfono:+34 981 54 10 12

1.- ACTIVIDADES.....	1
ACTIVIDADE 1 : Defensa dos intereses de Galicia ante a UE.....	1
A) Identificación.....	1
B) Recursos humanos empregados na actividade	6
Tipo.....	6
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade	6
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.....	6
ACTIVIDADE 2 : Información sobre a Unión Europea en Galicia	7
A) Identificación.....	7
B) Recursos humanos empregados na actividade	8
Tipo.....	8
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade	9
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.....	9
ACTIVIDADE 3 : Fomento da participación en proxectos europeos	10
A) Identificación.....	10
B) Recursos humanos empregados na actividade	11
Tipo.....	11
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade	12
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.....	12
ACTIVIDADE 4: Formación e sensibilización sobre a realidade europea	
.....	13
A) Identificación.....	13
B) Recursos humanos empregados na actividade.	14
Tipo.....	14
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.	15
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.....	15
2.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ	
A ENTIDADE.....	16
3.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A	
ENTIDADE	17
3.1) Previsión de ingresos que obterá a entidade	17
3.2) Previsión doutros recursos económicos que obterá a entidade	17

1.- ACTIVIDADES

ACTIVIDADE 1 : Defensa dos intereses de Galicia ante a UE

A) Identificación

Denominación da actividade	Defensa dos intereses de Galicia ante a UE
Tipo de actividade*	Accións para garantir a representación de Galicia ante a UE Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Bruxelas/Santiago

Descrición detallada da actividade prevista.

A defensa dos intereses rexionais ante as institucións europeas necesita dunha sólida representación na capital comunitaria a través da cal se traballe para que a toma de decisións a nivel comunitario se leve a cabo cun maior coñecemento da realidade e dos intereses galegos. Tal e como recolle o Decreto de Acción Exterior da Xunta de Galicia -aprobado en 2015- este labor de representación é desempeñado pola Fundación Galicia Europa, que leva a cabo múltiples actividades para ese fin: seguimento das políticas europeas, apoio á participación da C.A. de Galicia nas institucións e órganos comunitarios, organización de visitas de responsables políticos e técnicos a Bruxelas, organización de seminarios, participación en redes de cooperación interrexional e, de forma complementaria, pequenas accións de promoción de Galicia en Bruxelas dende un punto de vista cultural, turístico ou comercial.

En 2017, a FGE defenderá os intereses de Galicia ante a UE en cuestións de gran calado para a comunidade coma son as políticas europeas de Cohesión, Agrícola e Pesqueira, Emprego, I+D+i, Transportes, Axenda Dixital, Medio ambiente, Competencia, Industria, Enerxía e un longo etcétera. O debate sobre o futuro deseño destas políticas e do seu marco financeiro a partir de 2020 está xa aberto en Bruxelas. As actuacións da Fundación Galicia Europa neste ámbito



para 2017 centraranse nas prioridades galegas recollidas no programa de goberno para a nova lexislatura presentado pola Xunta de Galicia e no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 (PEG), así como no programa de traballo anual previsto pola Comisión Europea

En concreto, en 2017 centrarémonos nos seguintes eidos:

Política de Cohesión

A Fundación definirá unha posición galega a partir das achegas de todas as partes implicadas na xestión de fondos estruturais e de investimento na comunidade autónoma (administración autonómica, deputacións e entes locais, cámaras de comercio, etc.), co fin de poder trasladala aos foros comunitarios onde se está a debater sobre a continuidade desta política e a súa arquitectura. O escenario non é moi favorable pois, por un lado, o cuestionamento da súa eficacia e da súa importancia dentro das prioridades da Comisión Juncker podería reducir a súa dotación económica e, por outro, Galicia verá irremediabilmente diminuír os fondos procedentes dela ao non formar xa parte do grupo de rexións menos desenvolvidas ou non abandonar por primeira vez este obxectivo. Por iso, cómpre máis ca nunca participar activamente no proceso comunitario de toma de decisións para apostar por unha política rexional forte, para todas as rexións, que preste unha maior atención ás zonas con desvantaxes demográficas graves e permanentes, e que siga impulsando a cooperación transfronteiriza.

Políticas comúns agrícola e pesqueira

Dada a forte aposta polo mundo rural do Goberno galego, a Fundación manterá unha estreita colaboración coas consellerías de Medio Rural e do Mar para facer un estreito seguimento do devir destas políticas e do seu impacto en Galicia. Con este obxectivo, a FGE mantén un convenio de colaboración con estas consellerías que lles permite dispor dunha asesora técnica especializada en estas materias na súa oficina de Bruxelas. Igualmente, no Comité das Rexións, Galicia é membro da comisión de traballo que trata estas cuestións: a Comisión de Recursos Naturais. Para 2017, xa se conseguiu captar unha visita de estudo a Galicia de membros de esta comisión para analizar ao funcionamento do sector lácteo galego.

I+D+i

A Fundación está colaborando coa Axencia Galega de Innovación (GAIN) dende hai un ano para impulsar a participación galega no programa de financiamento comunitario en esta materia, coñecido



como Horizonte 2020, e para promocionar o desenvolvemento de proxectos de innovación industrial con outras rexións a través da chamada *Vanguard Initiative*. Con este obxectivo, acaba de renovarse o acordo de colaboración anual para a convocatoria dunha bolsa especializada en estas cuestións con destino na oficina de Bruxelas.

Desafíos demográficos

En 2017 a FGE continuará impulsando os traballos da rede de rexións polo cambio demográfico (*Demographic Change Regions Network*), co obxectivo de chamar a atención da UE sobre os problemas demográficos que afectan a Galicia e a outras rexións europeas. En especial, reclamará unha atención particular a estes problemas á hora de debater sobre o teito de gasto da UE, sobre o futuro da política rexional e da política de desenvolvemento rural a partir de 2020. Por outra banda, a Fundación Galicia Europa seguirá apoiando a participación galega (da Consellería de Sanidade e da AMTEGA, principalmente) nas iniciativas europeas que pretenden dar resposta ao envellecemento poboacional a través da innovación, como o Partenariado Europeo de Innovación no eido do Envellecemento activo (EIP-AHA).

Outras prioridades de interese recollidas no programa de traballo 2017 da Comisión Europea

Baixo o título “Realizar unha Europa que protexa, empodere e vele pola seguridade”, a Comisión Europea conta cun programa de traballo para 2017 que comprende 21 iniciativas distribuídas entre as dez prioridades políticas fixadas para os anos 2015 a 2019. De entre elas, faremos un especial seguimento de:

- A definición dun marco financeiro plurianual máis aló de 2020
- A nova estratexia “Comercio para todos” coa que se pretende facer a política comercial común máis responsable (efectiva, transparente e baseada nos valores europeos). Esta estratexia aplícase a todos os tratados comerciais que se están a negociar con terceiros países, incluído o tratado con EEUU.
- A posta en marcha da Axenda Europea de Migración, dado que no Comité das Rexións, o representante galego é un dos coordinadores políticos da comisión que trata estes temas, CIVEX.
- A posta en práctica da estratexia “Unión da Enerxía” e o plan de acción de Economía Circular en liña coas estratexias galegas de sustentabilidade medioambiental e cambio climático que está a elaborar a Xunta de Galicia.



BREXIT

Ademais, en 2017 a FGE estará atenta ás negociacións para a saída do Reino Unido da UE de cara a informar en Galicia das posibles repercusións que isto poida ter na comunidade autónoma.

Respecto ás canles que empregamos para defender os intereses galegos no proceso comunitario de decisións, destacamos en 2017:

Comité das Rexións

O noso labor para asegurar unha participación activa no Comité das Rexións (CdR) aproveitando que o presidente da Xunta de Galicia ostenta dende 2015 unha das vicepresidencias desta asemblea política que dá voz ás rexións e municipios na UE seguirá presente durante o próximo ano. A partir dun diálogo directo cos cidadáns, os representantes galegos no CdR contribuirán, ademais, ao debate sobre o presente e futuro da UE con motivo do 60º Aniversario da firma dos Tratados de Roma nun momento en que o proxecto europeo vese seriamente ameazado. O membro suplente galego no CdR, Jesús Gamallo, será, ademais, o responsable en 2017 de elaborar o ditame que reflicta a opinión das rexións e municipios europeos sobre cómo adaptar a política europea de cooperación ao desenvolvemento á Axenda 2030 da ONU para un Desenvolvemento Sostible e á recentemente adoptada Estratexia Global da Política Exterior e de Seguridade da UE.

Redes de cooperación rexional europea

O seguimento e apoio á participación galega en redes de cooperación rexional europea é un dos instrumentos de traballo desenvolvidos pola FGE á hora de aunar sinerxías con outros territorios da Unión en defensa de intereses comúns. Galicia participa en varias redes de cooperación tanto de dimensión territorial, como a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) e a Asociación de Rexións Fronteirizas de Europa (ARFE), como sectorial, no eido da I+D+i (ERRIN), o turismo (NECSTOUR) ou a innovación industrial (Vanguard Initiative). A FGE presta apoio aos distintos departamentos da Xunta de Galicia para sacar o máximo proveito a estas redes, tanto na defensa duns intereses comúns perante a UE, como para a posta en marcha de proxectos europeos a raíz dos contactos feitos nelas.

Presenza de Galicia en Bruxelas

A Fundación presta apoio a aquelas entidades galegas públicas ou



privadas que queren achegarse a Bruxelas para participar de modo efectivo no proceso de decisión comunitaria e nos programas europeos. Con este obxectivo pon a súa disposición o coñecemento da Fundación Galicia Europa sobre o funcionamento das institucións comunitarias e o seu proceso decisorio, e facilítalles, no seu caso, un espazo común de traballo. A oficina da FGE en Bruxelas quere ser un escaparate único de Galicia na capital europea e axuntar os esforzos dos diferentes sectores en beneficio do desenvolvemento de Galicia. É o caso actualmente de CONXEMAR e FEUGA, que alugan o seu espazo de oficina na propia sede da Fundación en Bruxelas.

Especial atención a concellos e entidades locais intermedias

En 2017 a FGE reforzará o seguimento dos asuntos comunitarios dende unha perspectiva local co fin de informar aos concellos de tamaño pequeno e mediano a través das deputacións membro do padroado da FGE: Deputación de Lugo e Deputación de Coruña. Con este fin, asignará a un bolseiro en Santiago e outro en Bruxelas que, baixo a supervisión do equipo técnico da FGE, informará periodicamente dos asuntos que poden ser de interese para as entidades locais: evolución do traballo do Comité Europeo das Rexións onde están representados tamén os municipios, posibilidades de financiamento comunitario, desenvolvemento de políticas europeas que afectan ao eido local (Axenda Urbana, desenvolvemento rural, política rexional, etc.)

A FGE pon igualmente a disposición destas entidades o seu coñecemento e experiencia para a elaboración de visitas á capital comunitaria que axuden a comprender mellor estes temas e defender os intereses destes municipios.

Rede de responsables de asuntos europeos na Xunta de Galicia

O apoio á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE para impulsar a rede de responsables de asuntos europeos na Xunta de Galicia e un dos compromisos da Fundación dende a entrada en vigor do decreto de Acción Exterior de Galicia de 2015 onde se contempla. Esta rede pretende mellorar a coordinación interna da Xunta de Galicia identificando en cada consellería a un responsable de asuntos europeos. A través deles, tentarase de mellorar os procesos de participación da Xunta no Consello da UE, no Comité Europeo das Rexións e nos comités de asesoramento da Comisión Europea, así como aumentar o grado de coñecemento das políticas europeas que afectan a cada consellería, e optimizar a súa participación en proxectos europeos e en redes de cooperación

rexional. Con este obxectivo, organizarase unha visita de formación en Bruxelas para que os membros desta rede podan coñecer de primeira man o funcionamento das institucións europeas.

O importe asignado para 2017 distribuirase principalmente entre gastos de organización e participación en reunións e conferencias en Bruxelas, ademais da organización de visitas institucionais a Bruxelas.

B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	4,5	2.828
Bolseiros en prácticas	7	5.113
Persoal con contrato de servizos		
Persoal voluntario		

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas -directas	900
Persoas físicas - indirectas	9000
Persoas xurídicas	32
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
DEFENSA DOS INTERESES DE GALICIA ANTE A UE	Reunións do Comité das Rexións, reunións na Comisión Europea, reunións do Consello con participación galega, visitas institucionais, foros organizados pola Fundación, actividades culturais de Galicia en Bruxelas, reunións e foros con participación galega	200

ACTIVIDADE 2 : Información sobre a Unión Europea en Galicia

A) Identificación

Denominación da actividade	Información sobre a UE en Galicia
Tipo de actividade*	Información. Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Santiago / Bruxelas

Descrición detallada da actividade prevista.

A información é un dos eixos centrais do labor desenvolvido pola Fundación Galicia Europa pois constitúe un requisito indispensable para poder defender os intereses galegos e para facilitar a participación das entidades galegas en programas de financiamento comunitario.

A información canalízase a través de publicacións, contactos directos cos departamentos da Xunta de Galicia, e principalmente, a través do **portal web** (www.fundaciongaliciaeuropa.eu) e das súas redes sociais, que constitúen o medio máis eficaz para a transmisión de información ao gran público e a sectores especializados (funcionarios, empresas, entidades locais, etc). A FGE colabora, ademais, mensualmente con ECO - Revista do Eixo Atlántico, elaborando artigos para explicar a actualidade comunitaria en Galicia.

Así mesmo, a FGE responde a **consultas puntuais** sobre a UE que poden agruparse en dous grandes apartados: o financiamento comunitario e as posibilidades de emprego e prácticas nas institucións comunitarias. A Oficina de Información Europea aos Mozos, que existe grazas ao convenio vixente coa Dirección Xeral de Xuventude, ocúpase principalmente deste último apartado.

En 2017, continuarase co **boletín electrónico quincenal** que recolle noticias de actualidade comunitaria e da participación galega nos asuntos europeos, así como anuncios de convocatorias e de procuras

de socios para participar en proxectos europeos. As 21 iniciativas anunciadas pola Comisión Europea, o deseño das políticas comunitarias a partir de 2020 e as negociacións para a saída do Reino Unido da UE centrarán, sen dúbida, o labor divulgativo da FGE o vindeiro ano.

Por outro lado, seguirase a actualizar o apartado de “Financiación comunitaria” do sitio web como complemento á “Guía de Financiamento Comunitario 2014-2020” publicada en papel, así como a “Guía de saídas laborais na UE e outras organizacións internacionais” que, tras cinco edicións en papel, está dispoñible en liña, o que permite unha actualización máis constante das oportunidades de emprego e prácticas.

Tamén no referente a publicacións, estudarase a elaboración dun texto que, coincidindo cos 60 anos da sinatura dos Tratados de Roma e o 30º aniversario da FGE en 2018, explique a evolución da participación galega no proceso de toma de decisións comunitario. Esta publicación axudaría a poñer en perspectiva todo o camiño percorrido ata hoxe, e a súa importancia para o desenvolvemento económico e social da nosa comunidade autónoma.

A contía asignada a este obxectivo destinarase ao mantemento da páxina web e á oficina de información para mozos.

B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	2,5	488
Bolseiros en prácticas	7	2.556
Persoal oficina información europea mozos	1	488
Persoal con contrato de servizos		
Persoal voluntario		

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas - directas	4.800
Persoas físicas - indirectas	19.500
Persoas xurídicas	
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
INFORMACIÓN SOBRE A UE EN GALICIA	Portal web, boletín, colaboracións con revistas, oficina de información xuvenil	400

ACTIVIDADE 3 : Fomento da participación en proxectos europeos

A) Identificación

Denominación da actividade	Fomento da participación en proxectos europeos
Tipo de actividade*	Promoción da participación das entidades galegas en proxectos europeos. Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Santiago/Bruxelas

Descrición detallada da actividade prevista

A FGE quere seguir servindo como primeira liña de axuda para todas aquelas entidades galegas que pretendan situarse no, a veces chamado, “labirinto do financiamento comunitario”. Por iso, ademais da **información ofrecida no portal Web e na Guía de Financiamento Comunitario 2014-2020**, a FGE está aberta a colaborar con outras entidades para organizar todo tipo de actos relacionados con isto, ademais de continuar co seu **programa de especialización en financiamento comunitario TecEuropa**.

Tras o éxito das tres primeiras edicións, organizaremos dúas novas edicións deste programa en 2017 e impulsaremos a rede informal constituída polos 65 participantes das tres edicións xa celebradas, coa organización de encontros, cursos ou seminarios en Galicia. A FGE promocionará igualmente o debate no seo da rede sobre como mellorar e facer mais eficaz a xestión de fondos no cadro dos diferentes programas europeos e en especial dos fondos europeos estruturais e de investimento, sobre todo os problemas derivados da cofinanciación dos proxectos europeos os que teñen que enfrontarse as pequenas e medianas empresas durante a súa execución. TecEuropa trata de mellorar as capacidades de profesionais de entidades galegas públicas (Xunta de Galicia, deputacións, concellos...) e privadas (terceiro sector, centros tecnolóxicos, asociacións empresariais...) para participar en proxectos de dimensión europea. Mellorar as súas capacidades e coñecementos, e facilitar os contactos entre eles permitirá deseñar mellores proxectos, aproveitar as experiencias duns e outros en

beneficio de todos e, en suma, conseguir un maior impacto dos fondos europeos na nosa comunidade.

Con estas accións de formación e *networking* preténdese concienciar sobre as diferenzas entre os Fondos Estruturais e de Investimento (FEDER, FSE, FEMP e FEADER) e o resto de programas de xestión directa (Horizonte 2020, COSME, Life...). Os primeiros invisten en Galicia máis de 4.000 millóns de euros neste período 2014-2020, o que supón unha gran responsabilidade e a necesidade de coordinación dentro da administración pública, e entre esta e o resto de actores para asegurar que a execución destes fondos cumpran cos obxectivos europeos fixados en materia de emprego, I+D, enerxía, educación e inclusión social. Os segundos axudan a executar as políticas comunitarias e comportan unha dinámica diferente para os beneficiarios ao someterse a concorrencia competitiva. Por tanto, os interesados han de afondar nas vantaxes de participar neste tipo de programas, nos requisitos que esixen e en como presentar bos proxectos.

Un dos temas prioritarios que a FGE tratará de explicar en Galicia en 2017 a través de seminarios ou xornadas é as posibilidades que ofrece o Banco Europeo de Investimentos, que está a crecer nos últimos anos debido ao impulso dado pola Comisión Juncker. Concretamente, conviría afondar nas oportunidades que ofrece o Fondo Europeo de Investimentos Estratéxicos, pouco coñecido e utilizado ata o de agora en Galicia, así como as plataformas europeas que prestan asistencia técnica para o deseño e execución de proxectos a cargo dos fondos Estruturais e de Investimentos Europeos, como fi-Compass e Jaspers, ambas dependentes do BEI.

B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	2,5	1.268
Bolseiros en prácticas	7	2.556
Persoal oficina información europea mozos	1	975
Persoal voluntario		

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	450
Persoas xurídicas	90
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
PROMOCION DA PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS	Asesoramento nas posibilidades de financiamento, asesoramento nas procuras de socios, cesión de salas, cursos de financiamento comunitario, apoio na xestión de proxectos	100

ACTIVIDADE 4: Formación e sensibilización sobre a realidade europea

A) Identificación

Denominación da actividade	Formación e sensibilización sobre a realidade europea
Tipo de actividade*	Formación. Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Santiago/Bruxelas

Descrición detallada da actividade prevista.

A maior parte dos recursos asignados a este obxectivo destínanse a financiar as 6 **bolsas de formación** para mozos galegos nas oficinas da FGE de Santiago e Bruxelas. En 2017, ao igual que en 2016, súmase a estas seis bolsas unha específica de formación en Bruxelas no ámbito da I+D+i. O obxectivo deste programa propio de bolsas é formar a profesionais que poidan integrarse no mercado laboral cuns coñecementos e capacidades específicos do funcionamento e políticas da UE. Paralelamente, a oficina da FGE en Santiago acolle a estudantes en prácticas das universidades galegas ao longo do ano, que tamén se benefician desta formación en asuntos comunitarios.

No tocante á sensibilización sobre realidade europea, en 2017 impulsaremos o **debate en Galicia sobre o futuro da UE** para tratar de sensibilizar aos cidadáns galegos sobre o proxecto de construción europea. Nestes tempos de euroescepticismo que estamos a vivir, marcados por un feito tan preocupante como a saída do Reino Unido da UE (Brexit), queremos que Galicia contribúa a consolidar o proxecto de integración europea para que se converta nun referente de estabilidade e prosperidade nun mundo global cheo de incertezas políticas. Enfrontámonos agora na escena europea, non só aos debates sobre o futuro das políticas europeas, os problemas migratorios ou aqueles derivados do cambio climático, senón tamén, e sobre todo, o debate sobre o futuro da propia Unión Europea. Por iso, planeamos a organización de “diálogos europeos cos cidadáns” en Galicia, foros de

participación cidadá que a Unión Europea impulsa dende Bruxelas pero para os que quere contar coa plena implicación das autoridades locais e rexionais, como administracións máis próximas ao cidadán. Esta reflexión e contribución cidadá alimentará o debate dos xefes de Estado e de Goberno da UE que se reunirán en Roma o 25 de marzo para conmemorar o 60º aniversario da sinatura dos Tratados de Roma, xerme da actual Unión Europea.

Nesta liña de implicación galega no debate europeo, a FGE prevé celebrar en Bruxelas unha das súas reunións semestrais do padroado, precedida da correspondente reunión do grupo de traballo. Os membros do padroado poderán así entrar en contacto directo cos actores europeos que están a participar nos actuais debates sobre o futuro orzamento da UE, o BREXIT ou o proceso de coordinación económica dos Estados membros. Deste modo, os representantes das entidades membro do padroado - entidades públicas e privadas que están a dinamizar o tecido económico galego - poderán achegar a súa opinión e perspectiva dende o terreo.

Por outro lado, a FGE seguirá en 2017 a participar e colaborar en diversos foros relacionados coas **posibilidades de emprego e prácticas na UE**. Así mesmo, seguirá a colaborar coas oficinas de información europea en Galicia (*Entreprise Europe Network*, da que forman parte IGAPE, GAIN e CEG e *Europe Direct* con presenza na Deputación da Coruña e no Concello de Lugo) para apoiarse na difusión das súas actividades, coordinarse para ofrecer contidos específicos a distintos públicos en Galicia e, eventualmente, organizar actividades conxuntas que teñan un maior impacto en Galicia.

B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	4,5	2.243
Bolseiros en prácticas	7	2.556
Persoal oficina información europea mozos	1	488
Persoal voluntario		

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas – directas	1.200
Persoas físicas - indirectas	
Persoas xurídicas	25
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE EUROPA EN GALICIA	Becas, cursos, seminario e xornadas	30

2.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE

GASTOS / INVESTIMENTOS	Actividade 1	Actividade 2	Actividade 3	Actividade 4	Total actividades	Non imputados ás actividades	TOTAL
Gastos por axudas e outros	-	-	-	-		-	
a) Axudas monetarias	-	-	-	129.735,25	129.735,25	-	129.735,25
b) Axudas non monetarias	-	-	-	-	-	-	-
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno	-	-	-	2.750,00	2.750,00	-	2.750,00
Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación		-	-	-	-	-	-
Aprovisionamentos	444,02	222,01	-	222,01	888,04	4.308,40	5.196,44
Gastos de persoal	116.226,14	15.084,87	20.656,06	85.886,07	237.853,15	114.944,85	352.798,00
Outros gastos de explotación	62.674,25	20.098,00	39.670,07	37.859,00	160.301,32	73.229,62	233.530,94
Amortización do inmovilizado	40.202,40	4.099,20	4.099,20	3.500,00	51.900,80	18.099,20	70.000,00
Deterioración e resultado por alleamento de inmovilizado	-	-	-	-	-	-	-
Gastos financeiros	-	-	-	-	-	-	-
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros	-	-	-	-	-	-	-
Diferenzas de cambio	-	-	-	-	-	-	-
Deterioración e resultado por alleamentos de instrumentos financeiros	-	-	-	-	-	-	-
Impostos sobre beneficios	-	-	-	-	-	-	-
Subtotal gastos	219.546,81	39.504,08	64.425,33	259.952,33	583.428,55	210.582,07	794.010,63
Adqu. de inmovilizado (agás bens patrimonio histórico)	-	-	-	-	-	10.480,00	10.480,00
Adquisicións bens patrimonio histórico	-	-	-	-	-	-	-
Cancelación débeda non comercial	-	-	-	-	-	-	-
Subtotal investimentos	-	-	-	-	-	10.480,00	10.480,00
TOTAL RECURSOS EMPREGADOS	219.546,81	39.504,08	64.425,33	259.952,33	583.428,55	221.062,07	804.490,63

3.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE

3.1) Previsión de ingresos que obterá a entidade

INGRESOS	Importe total
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio	
Vendas e prestacións de servizos das actividades propias	67.117,97
D. Xeral de Xuventude	42.500,00
Axencia Galega de Innovación	14.617,97
Consellería do Medio Rural	5.000,00
Consellería do Mar	5.000,00
Ingresos ordinarios das actividades mercantís	42.919,16
Aluguer oficina	42.919,16
Subvencións do sector público	648.953,50
Xunta de Galicia	590.417,00
Axencia Galega de Innovación	15.000,00
Consortio Zona Franca de Vigo	13.536,50
Deputación da Coruña	15.000,00
Deputación de Lugo	15.000,00
Achegas privadas	45.000,00
ABANCA	45.000,00
Outros tipos de ingresos	500,00
TOTAL INGRESOS PREVISTOS	804.490,63

3.2) Previsión doutros recursos económicos que obterá a entidade

OUTROS RECURSOS	Importe total
Débedas contraídas	
Outras obrigas financeiras asumidas	
TOTAL OUTROS RECURSOS PREVISTOS	